



XUNTA
DE GALICIA

XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA

RELATORES

CURSO 2023-2024



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Arantza Portabales Santomé

Arantza Portabales (San Sebastián, 1973) é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

Iniciou a súa carreira literaria en 2013 coa microficción. Tras obter o Premio de Narración Breve da UNED/UNED por "*Circular C1: Catro Camiños-Embaixadores*" e o Premio Manuel Murguía de relato por "*Xanelas*", o seu microrrelato "*As musas*" resultou gañador do concurso da Microbiblioteca de Barberà do Vallès, que volveu gañar en 2021 con "*Os que observan*".

É autora da colección de microrrelatos "*A Celeste compreina nun anciño*" (2015) e do libro de relatos ilustrado "*Historias De Mentés*" (2020).

En 2015 publicou a súa primeira novela en lingua galega, "*Sobrevivindo*", que mereceu o XV Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia e que a autora reescribiu para a súa edición en Lumen en 2022.

Os dereitos da súa segunda novela, "*Deixe a súa mensaxe despois do sinal*", publicada inicialmente en galego e gañadora do Premio Novela Europea Casino de Santiago 2021, foron vendidos a tres importantes editoriais estranxeiras tras a noticia da súa edición en Lumen en 2018. Con "*Beleza vermella*" (Lumen, 2019), gañadora do Premio Frei Martín Sarmiento, iniciou a serie protagonizada pola parella de policías Abad e Barroso, que continuou na vida secreta de "*Úrsula Bas*" (Lumen, 2021) e agora en "*O home que matou a Antía Morgade*".

Este ano recibe o Premio Clubs de Lectura 2024 á vista dos resultados de lectura dos clubs no curso 2022/23.

Recollerá o Premio Clubs de Lectura 2024 e participará nunha **conversa con Susana Pedreira Buján**.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Susana Pedreira Buján

Susana Pedreira Buján (Vitoria-Gasteiz, 1983). Xornalista, licenciada en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela (2001-2005).

Comezou traballando en comunicación empresarial e institucional e en 2010 incorporouse á redacción de Onda Cero en Galicia. Dirixe e presenta o programa local diario *Más de uno Pontevedra* desde hai quince anos. En setembro de 2015 asumiu a coordinación de *Gente viajera de Galicia* e, ademais, dende 2016 forma parte da programación nacional de Onda Cero co programa *Un alto en el camino, seis horas de directo* nas mañás da fin de semana que cada verán se emite desde Pontevedra para todo o Estado.

Coautora do libro "*Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo*" (Editorial Galaxia), no que oito mulleres moi diferentes escriben sobre a súa experiencia ao redor da folga xeral e das mobilizacións do Día da Muller de 2018.

Cofundadora do Congreso *As Mulleres que Opinan Son Perigosas* que este ano 2024 chegou á súa sétima edición. En 2022 publicouse o libro de entrevistas "*As mulleres que opinan son perigosas. Catro anos e unha pandemia despois*", que resume a primeira edición do congreso con conversas actuais protagonizadas por mulleres xornalistas.

Dende hai máis dunha década compaxina o seu traballo como xornalista coa organización e presentación de eventos culturais, especialmente centrados na literatura. Formou parte do xurado de dous dos premios literarios máis prestixiosos de Galicia: o *Xerais* (2014) e o *Torrente Ballester* (2020). En 2017 e 2022 foi finalista nos *Premios Follas Novas do Libro Galego* na categoría de xornalismo cultural. En 2021 foi comisaria do *Premio Torrente Ballester de Narrativa en Castelán* e desde 2022 traballa como comisaria dos premios literarios convocados anualmente pola área de Cultura da Deputación da Coruña.



<https://www.ondacero.es/programas/un-alto-en-camino/>



www.instagram.com/su_pedre



[@SuPedre](https://twitter.com/SuPedre)

Conversa con Arantza Portabales, gañadora do Premio dos Clubs de Lectura 2024. Repasaremos a súa traxectoria como escritora, falaremos da súa obra literaria e do significado que as bibliotecas teñen e tiveron nela como lectora.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Michèle Petit

Antropóloga, **Michèle Petit** dedicou máis de trinta anos a estudar as prácticas de lectura e a relación coa cultura escrita, particularmente en lugares onde o acceso a esta cultura non se facilita polo contexto xeográfico, social ou familiar. Primeiro, coordinou investigacións en Francia, en zonas rurais e en barrios populares. A partir de 2005, profundizou na análise da contribución da lectura en espazos en crise, particularmente en América Latina.

Os seus estudos constitúen un alegato para que a literatura, oral e escrita, e a arte en todas as súas formas, teñan lugar na vida de cada día, particularmente na dos nenos e adolescentes.

Conferencia Os Libros e a beleza

"Os libros e la beleza" é unha colección de conferencias pronunciadas en Francia, España e América latina, sobre a importancia da literatura e da arte nos contextos críticos que se multiplicaron nos últimos anos: guerras, ataques terroristas, colapsos económicos, ascenso de rexímenes autoritarios, desprazamentos forzados de poboacións, terremotos, pandemias, incendios e inundacións a gran escala vinculados ao cambio climático...

Todos os textos que compoñen este libro recórdannos que para os seres humanos o utilitario nunca é suficiente e que non podemos reducirnos a variables económicas e aos nosos roles sociais: somos tamén, e quizáis ante todo, animais poéticos.

É tamén unha homenaxe aos mediadores culturais grazas aos cales a vida resiste.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Montse Pena Presas

Montse Pena Presas é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Edición pola Universidade de Salamanca. Dende hai máis de dez anos é docente na Facultade de Formación do Profesorado na USC, onde imparte clases de literatura infantil. Os seus campos de investigación téñense centrado, moi especialmente, na didáctica da literatura, na literatura infantil e xuvenil e nos feminismos. Exerceu a crítica literaria en diferentes medios, sendo actualmente colaboradora do programa Diario Cultural da Radio Galega cunha sección semanal sobre literatura infantil. Ademais de diferentes artigos de investigación, ten publicados catro libros: "*Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*" (Galaxia, 2013), "*Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*" (Laiovento, 2018), "*A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*" (Galaxia, 2018) e "*Intempestiva. Unha biografía (literaria) de Xela Arias*" (Galaxia, 2021), "*Un ruído provocado(r). voces arredor de Luísa Villalta*" (2024).

Conversará con Michèle Petit sobre a obra da autora e a beleza da creación literaria.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



XUNTA
DE GALICIA



José (Pío) Barreiro e Xaime Lis Carrera

Expertos en banda deseñada, aconsellan aos lectores dende KOMIK LIBRERÍA, unha das primeiras librarías especializadas en banda deseñada de Galicia, fundada en 1987 xunto con Ana Manteca.



www.komic.es



Cómic: unha ollada histórica e recursos actuais

Tal el como se avanza o título da ponencia trataremos de dar unha visión histórica da chamada "Novena Arte" desde os precedentes ata converterse nunha manifestación cultural asentada e aceptada culturalmente en todo mundo. Remataremos aportando suxerencias de obras tanto das consideradas esenciais como de títulos máis recentes como exemplos da diversidade de estilos e temáticas que están a disposición de todas as bibliotecas escolares no mercado editorial actual.



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Artur Trillo Sendón

Actor, director e autor teatral.

Fundou a compañía *Talía Teatro*, onde desenvolve a maior parte dos seus proxectos teatrais. Como actor, destacan as súas interpretacións en *Bicos con lingua* e *E ti quen vés sendo?*, polos que acadou dous premios María Casares á mellor interpretación. Tamén participa en varios proxectos doutras compañías teatrais, como o Centro Dramático Galego, Teatro do Atlántico e Lagarta Lagarta.

Como director salientan os espectáculos *Gaivotas subterráneas* e *Palabras encadeadas*, polo que acadou, por este último, o premio María Casares á mellor dirección.

Como autor, levou a escena varias montaxes, entre as que resaltan textos para público infantil, como *Menos lobos*, *Sopa de sapo* e *Voa, voa!* Tamén participa nos espectáculos de creación colectiva *Pelos na lingua* e *A parábola do angazo*, que lograron dous premios María Casares ao mellor texto teatral. En 2012 recibiu un Premio Max das Artes Escénicas.

Tamén participa en numerosas escolas de formación de teatro afeccionado e dirixiu a Mostra de Teatro de Cee desde 1988 ata o 2012.

Obradoiro de teatro lido

Este obradoiro consistirá nunha aproximación teórico-práctica onde teremos a oportunidade de coñecer e experimentar ferramentas expresivas e de análise que interveñen nunha lectura dramatizada.

A actividade estará enfocada tendo en conta os posibles destinatarios dos distintos Clubs de Lectura dos Centros de Ensino de Galicia.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Óscar Senra Gómez

Óscar Senra Gómez, licenciado en Ciencias Sociais pola Universidade Aberta de Lisboa, é socio traballador de Maos Innovación Social, cooperativa compostelá cunha ampla traxectoria no desenvolvemento de proxectos culturais, etnográficos e de comunicación. É autor de múltiples paseos literarios e históricos, centrados na cidade de Santiago de Compostela.

 <https://maos.gal/portfolio/paseos-literarios-e-culturais/>

Pistas para a construción de paseos sobre literatura e historia

A conferencia describe o proceso básico de creación de paseos de carácter literario e/ou histórico. Partirase da definición da temática de interese e pasarase pola investigación previa, a definición dunha narrativa, a selección de información ou a escolla das paradas, alén de fornecer pistas e dar consellos para un mellor desfrute do paseo, tanto para persoa que crea o paseo como para quen o guía e quen asiste.

Daranse tamén pautas básicas que debemos ter en conta á hora de facer interpretación do patrimonio, neste caso cultural, e que asuntos prácticos prever con antelación.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Rosalía Fernández Rial

Rosalía Fernández Rial é filóloga, doutora en didáctica das linguas e da expresión dramática e profesora de ensino secundario. Como poeta publicou, entre outros libros: *En clave de sol* (Lumieira, 2009), *Átonos* (Lumieira, 2011), *Un mar de sensacións* (Semescom, 2012), *Vinte en escena* (Ed. Positivas, 2012, 2014), *Ningún amante sabe conducir* (Ed. Positivas, 2014), a antoloxía bilingüe *Sacar a bailar. Poesía reunida* (2009-2016), *Contra-acción* (2016) e *Árbores no deserto* (Galaxia, 2020), *Desnortada* (Espiral Maior, 2021) e no mes de maio publicará o seu último título co selo de Kalandraka "Cuatro lunas" en edición bilingüe. Como narradora de relato curto, destaca *Bonus track* (Galaxia, 2018).

En canto ao ensaio, sobresaie *Aulas sen paredes* (Ed. Positivas, 2016), un libro-DVD sobre unha metodoloxía innovadora no ámbito da didáctica das linguas que recibiu o Premio á mellor iniciativa bibliográfica da Gala do Libro Galego en 2017 e *Mover ficha* (Galaxia, 2024), unha proposta didáctica para as aulas de linguas e literatura.

Recursos: Fernández Rial, R. (2024), *Mover ficha. Proposta didáctica para as aulas de linguas e literatura*. Vigo: Galaxia.

Obradoiro de poesía: mover ficha

Mover ficha é un fluxo poético cara á acción, a prol dos versos non temen trabucarse, capaz de virar as inercias, para o profesorado que aínda vai á escola con ganas de xogar.

Se nas propostas didácticas de *Aulas sen paredes* (Ed. Positivas, 2016) a autora elixía a expresión dramática e teatral como ferramenta pedagóxica desde a que abordar o poético e o conxunto do ensino de linguas e a literatura, o marco e as actividades de *Mover ficha* (Galaxia, 2024) avanza cara aos rizomas dunha arte total en constante cambio e onde o poético expande os seus vínculos cara diversas disciplinas.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Laia Vidal

Licenciada en Periodismo pola Universitat Internacional de Catalunya e Máster en Dirección de Comunicación pola Universitat Autònoma de Barcelona. Traballou para diferentes medios de comunicación e dirixiu departamentos de comunicación de diferentes ámbitos. Actualmente dirixe o Departamento de Comunicación da Asociación Lectura Fácil e xestiona diferentes proxectos sobre Lectura Fácil.

Como crear e dinamizar un club de Lectura Fácil

O acceso á lectura, a literatura y a información é un dereito democrático e unha necesidade social. Poder ler xera confianza e capacidade ás persoas para ampliar a súa visión do mundo e tomar decisións sobre a propia vida. A lectura permite compartir ideas, pensamentos e experiencias e, en definitiva, medrar como persoas.

Con todo, existe un amplo abano de poboación que ten dificultades para acceder á lectura: persoas con discapacidade intelectual ou sensorial, xente maior con senilidade, rapazada con trastornos da aprendizaxe, neolectores adultos, recién chegados que descoñecen o idioma de acollida, etc.

Poder dispoñer de materiais LF é unha condición indispensable, pero non suficiente para achegar a lectura ás persoas con dificultades lectoras.

Tamén é necesario contar coa colaboración dos intermediarios vinculados a programas sociais e educativos, que os animen e acompañen na lectura, normalmente a través dos clubs de Lectura Fácil.



XVI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA



Julia Lago

Julia Lago traballa como ilustradora especializada en proxectos de carácter editorial e publicitario.

Nas súas obras practica un trazo desenfadado, fresco e habitualmente colorista, como pode verse nos traballos que desenvolveu para EDP, Universidade de Vigo, O Papagaio, Krack, ou Cineuropa entre outros.

Compaxina a súa actividade como ilustradora freelance coa xestión da galería Grelería; un espazo ubicado no corazón de A Coruña onde se organizan obradoiros, exposiciónes y actividades culturais vinculadas ao mundo artístico independente.

Entre os recoñecementos máis notables que recibiu están el Premio Castelao de Banda Deseñada ou as axudas Injuve para a creación Artística. Ademais, expuxo a súa obra en espazos como o Museo Reina Sofía, a sala Salvador de Madariaga, a Casa Museo Picasso ou a Sala Manuel Moldes.

Banda deseñada e moito bla, bla, bla

A ilustradora dará peche á xornada abordando a súa traxectoria como creadora.





XUNTA
DE GALICIA